

Prensa e literatura galegas na Habana (1880-1936)

Galician Press and Literature in La Habana (1880-1936)

Luis ALONSO GIRGADO

Centro Ramón Piñeiro de Investigación para as Humanidades

RESUMO

Neste artigo fábase da prensa e da literatura galegas na Habana e da súa importancia e repercusión en Galicia. Infórmase da presenza de persoeiros como Álvarez Insúa, Neiras Vilas ou, mesmo, Curros Enríquez na illa do Caribe que axudaron ós galegos a ter máis presente a Galicia desde a distancia, coa creación dos centros galegos ou a publicación de xornais e revistas sinaladas no estudio.

ALONSO GIRGADO, L. 2003. «Prensa e Literatura galegas na Habana (1880-1936)». *Madrygal (Madr.)*, 6: 21-26.

RESUMEN

En este artículo se habla de la prensa y de la literatura gallegas en la Habana y de su importancia y repercusión en Galicia. Se informa de la presencia de personajes como Álvarez de Insua, Neiras Vila o, incluso, Curros Enríquez quienes ayudaron a los gallegos a tener más presente a Galicia desde la lejanía, con la creación de los Centros Gallegos o la publicación de los periódicos y revistas señalados en el estudio.

ALONSO GIRGADO, L. 2003. «Prensa y Literatura gallegas en la Habana (1880-1936)». *Madrygal (Madr.)*, 6: 21-26.

ABSTRACT

This article deals with Galician press and literature in La Habana and its significance and effects on Galicia. It reports on the existence at the Caribbean island of memorable personalities such as Álvarez Insúa, Neiras Vilas or even Curros Enríquez, who helped Galician people to feel Galicia closer, thanks to the creation of 'Galician Centers' and the publishing of certain journals and magazines mentioned on this study.

ALONSO GIRGADO, L. 2003. «Galician Press and Literature in La Habana (1880-1936)». *Madrygal (Madr.)*, 6: 21-26.

Ata hai relativamente poucos anos a condición de emigrado dun escritor galego era unha simple referencia na súa biografía. Hoxe a situación é diferente e a nosa historiografía literaria reserva un ou máis capítulos ó estudio da prensa e a produción literaria no ámbito da emigración que, polo que a América se refire, posúe historicamente un triple eixe en Montevideo, Bos Aires e A Habana. Nesta última capital, un artigo de Waldo Álvarez Insua no semanario *El Eco de Galicia*, que el mesmo dirixía, determinou a creación do Centro Galego da Habana, sociedade de « instrución e recreo » constituída oficialmente o día 12 de decembro de 1879 e inaugurada a comezos de xaneiro de 1880 con 711 socios. Eses socios eran 61.005 no ano 1920, pero seis anos antes o edificio social daquela entidade social galega xa podía presumir de ser o máis suntuoso de toda Cuba e nos xa citados anos vinte – certamente « felices vinte » – o presuposto do Centro superaba¹ ó do Goberno Municipal da capital de Cuba: dispuña dun moderno sanatorio propio –La Benéfica– con pavillóns para enfermos de distintas doenzas, promovía a alfabetización e os estudos dos fillos dos emigrantes no seu Plantel Concepción Arenal e reunía ó mellor da sociedade galego-cubana nos seus famosos e multitudinarios bailes (de Carnaval, de Los Cocuyos, de Las Flores, de Blanco) que tiñan lugar nun impresionante e luxoso salón social. Punto de encontro de máis dun cento de pequenas sociedades locais ou comarcais, o Centro desenvolveu unha continuada actividade artístico-literaria no seu Gran Teatro Nacional: as célebres « veladas » poéticas, teatrais, de zarzuela, músico-coraís, académicas, etc.

A Habana coñeceu, naturalmente, un importante desenvolvemento da prensa emigrante española, sobre todo da galega (en 1899, dos 130.000 españois da illa, o 34 % eran galegos; en 1915, dos 26.500 emigrados chegados ó longo do ano, 11.530 eran galegos), pero tamén da catalana, asturiana e canaria. Pois ben,

esta prensa galega callou nun total aproximado de 80 cabeceiras, de acordo coa catalogación e estudio feitos por Xosé Neira Vilas², Vicente Peña Saavedra³ ou José L. Blanco Campaña⁴ entre outros. Estamos a falar dun ámbito cronolóxico de medio século (1880-1936, aproximadamente) e dun *corpus* hemerográfico desigual nos seus elementos integrantes, tanto no que atinxe a factores externos (duración, número de páxinas, periodicidade, etc.) como internos (temática). A caracterización desta prensa (semanarios, quincenarios ou mensuarios) pasaría polos seguintes trazos:

a) Unha fundamental función informativa que constitúe canle ou ponte de intercomunicación entre os galegos de Cuba e os da Galicia peninsular. Complementariamente, un actualizado instrumento informativo da vida cotiá –historia e intrahistoria– dos emigrados galegos en Cuba.

b) A información de Galicia posúe dúas dimensións: a dos problemas de carácter xeral (económico, social, político, cultural, etc.) e a de carácter puntual (feitos e sucesos de distinto tipo) localizada nas catro provincias galegas.

c) Unha tarefa de exaltación de Galicia concretada en biografías de galegos ilustres, reprodución de textos literarios, reconstrución do pasado histórico, defensa da lingua e cultura propias (ás veces dende ópticas rexionalistas ou nacionalistas) ou promoción de actos culturais galegos en Cuba. Nomes como os de Rosalía de Castro, Manuel Murguía, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Lamas Carvajal e outros son referencia case constante –en textos ou notas biográficas– nestas páxinas.

d) Un instrumento de propaganda –a través dos anuncios publicitarios– da actividade dos galegos emigrados nos terreos comercial (negocios e comercios de todo tipo), social (actividades do Centro Galego e das sociedades comarcais ou locais que reflectían o gre-

¹ Carlos Sixirei Paredes, *Galeguidade e cultura no exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1995, p.70.

² Xosé Neira Vilas, *A prensa galega de Cuba*. Sada/A Coruña: do Castro, 1985.

³ Vicente Peña Saavedra, *Repertorio da prensa galega da emigración*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 1998.

⁴ José Luis Blanco Campaña, *Radio e Prensa na Galicia Exterior*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1996.

garismo e o minifundismo tan típicamente galegos) ou educativo (labor das sociedades de instrucción que promoveron a creación de numerosas escolas en Galicia).

Fora voceira de pequenas sociedades comarcais, de «intereses regionales» ou «generales», esta prensa tivo no poderoso Centro Galego o seu máis constante referente informativo, ben dende un punto de vista propagandístico e laudatorio, ben dende enfoques críticos ás veces certamente duros e ata fortemente satíricos. Naturalmente o Centro Galego, casa común da comunidade emigrante, poderosísima sociedade —digámo-lo unha vez máis— que en 1906 tiña Caixa de Aforros propia (en 1914 tiña en depósitos un millón de pesos ouro) e en 1904 atendía a 3.000 alumnos no seu Plantel de ensino Concepción Arenal, era unha fonte de noticias de primeira magnitude, pero non só polo extraordinariamente positivo de moitas das súas actuacións, senón tamén polos enfrontamentos e liortas internas protagonizadas por grupos, grupúsculos e ata tendencias e partidos políticos que agromaron no seu seo e pola tirantez que en certos intres xurdiu entre a Xunta Directiva (ou a Asamblea de Apoderados) e a impresionante masa social do Centro que, se nos anos 1895-1899 acusaba as trágicas consecuencias da guerra —rematada para España no «desastre» de 1898— en 1902, xa nunha Cuba que se estreaba como República independente, era obxecto da primeira visita oficial que realizaba o presidente da nación, Tomás Estrada Palma, acompañado de membros do seu Goberno. En fin, dende posicionamentos ben contrarios, cabeceiras como *Galicia Moderna* (1885), *La Alborada* (1912), *La Antorcha Gallega* (1913), *Alma Gallega* (1917), *Galicia Nueva* (1916),

La Tierra Gallega (1915), *Ideal Gallego* (1926), *Cultura Gallega* (1936), *Lar* (1940), *Loita* (1939) e, sobre todo, *El Eco de Galicia* (1872) resultan inevitables fontes de consulta no percorrido da xeira do Centro Galego, que tivo os seus propios órganos informativos na *Memoria anual* das súas actividades e, a partir de 1915, no *Boletín de la Asamblea de Apoderados*.

Ademáis de prestar apoio á Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia; de manter vivo o facho do galeguismo cos actos anuais

do 25 de xullo; de facilitar ós galegos a posibilidade de estar ó día informativamente cos case 50 xornais e revistas que tiña ó dispor dos lectores na súa sala de prensa; de ocuparse das condicións da viaxe e da instalación en Cuba dos emigrantes; de axudar economicamente a Rosalía e Murguía; de celebrar os bailes de máis esplendor e sona de toda Cuba nos seus salóns; de manter no seu Gran Teatro Nacional excelentes tempadas de ópera (nas que non faltou o inesquecible Caruso, que actuou en 1920) ou de ter na súa casa de saúde La Benéfica instalacións médicas modélicas, o Centro Galego da Habana foi o lugar de encontro de xornalistas, intelectuais e artistas galegos e ámbito de incontables actos culturais con especial atención á música e á poesía galegas.

Pola prensa galega da Habana sabemos das compañías de buques que facían a travesía Europa-América, dos establecementos que eran propiedade dos galegos (tendas de roupa, alimentación, tabaco, viños así como imprentas, cervexerías, xastrerías, etc) e temos noticia das entidades bancarias que facilitaban o envío de cartos a Galicia. Avogados, médicos, músicos e outros profesionais atoparon aquí a súa canle publicística. A secretaria xeral e as diversas seccións do Centro Galego (instrucción, sanidade, recreo, propaganda, artística) daban noticia puntual das súas actividades.

Nos mellores casos, certos semanarios tiñan redactores de plantilla e colaboradores máis ou menos asiduos. A efectos de información dispuñan de correspondentes en distintas localidades da illa (Santiago, Matanzas, Pinar del Río, Camagüey, Holguín, Santa Clara, Sancti Spiritus, Sagua la Grande, Guantánamo, etc) e tamén en Galicia e Madrid. Entre dúcias e dúcias de sinaturas esquecidas, pseudónimos ou iniciais, fixéronse xornalistas nestas páxinas Waldo Álvarez Insua, Roberto Blanco Torres (fray Roblanto), Manuel Gondell Linares, Casimiro Fernández, Ricardo Carballal, Juan Vicente Martínez Quelle, José e Victorino Novo y García, Manuel Fernández Doallo, Abdón R. Santos, Eduardo Núñez Sarmiento, Enrique Novo y García, Antonio do Campo, Adelardo Novo y Brocas, Luis E. Rey, Antonio de P. Cea, Adolfo Víctor Calveiro, Eladio Vázquez Ferro, Jesús Peynó Piñeiro e outros. Pola contra, Curros Enríquez, Gerardo Álvarez Gallego ou Ramón Fernández

Mato xa chegaran a esta prensa cunha ampla experiencia en Galicia ou Madrid.

Do conxunto das case 80 cabeceiras ó que aludimos hai un pequeno feixe que son as de máis entidade. E dese distinguido grupo, a máis salientable foi *El Eco de Galicia* (1878-1902), dirixida e fundada por W. Álvarez Insua. Como xa quedou anotado, un artigo da súa autoría, de data 12-X-1879, foi determinante para a creación do Centro Galego da Habana. Da súa ampla e coseolleita nómina de colaboradores dá conta o traballo de Neira Vilas¹ que establece os índices de sinaturas presentes na publicación, onde apareceu por entregas «El Regionalismo Gallego» de Murguía, de seguido publicado (1886) en folleto custeado polos rexionalistas galegos da Habana.

En 1885 aparecen *Galicia Moderna e A Gaita Gallega*. No primeiro está o labor dos irmáns Novo García, amigos de Curros. Na segunda temos a única publicación de prensa galega de Cuba monolingüe galega. Ramón Armada Teixeira e Manuel Lugois Freire dirixiron as súas páxinas, moi literarias, satíricas-festivas con frecuencia, sempre coa memoria viva de Rosalía. A edición en CD-ROM da primeira e facsimilar da segunda² facilitan o acceso ás súas xa máis que seculares páxinas.

O semanario *Follas Novas* (1898-1907) contou con Antonio de P. Cea ou Antón Villar Ponte como directores; Semanario científico, literario e defensor dos intereses galegos, mantivo unha forte oposición contra Curros Enríquez, ó que atacou con dureza. Publicou por entregas as novelas *A besta*, de Patricio Delgado Luaces (Xan de Masma) e *A campaña de Caprecórmea*, de Luis Otero Pimentel (Pepe de Benas).

Favorable a Curros foi, sen dúbida, *Galicia* (1902-1930), dirixida por Vicente López Veiga. Temos aquí a información das xuntanzas das que xurdiu a Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega (1905) que Curros presidiu nos seus comezos e noticia puntual dos anos de Curros en Cuba. Tamén *Galicia* apoiou a campaña agrarista de Basilio Álvarez, que

publicou na Habana o libro *Abriendo el surco* (1913) onde fala da súa campaña política.

De interese polos textos literarios e polas súas ilustracións fotográficas é *Eco de Galicia* (1917-1936) que na súa última etapa foi dirixida por Mercedes Vicito de Bouza. Fundado por Manuel Fernández Doallo, foi este un semanario simpatizante das Irmandades da Fala e xeneroso na reprodución de textos de Curros, Cabanillas, Lamas Carvajal, V. Risco ou Otero Pedrayo.

A literatura ocupou un máis que salientable lugar en *Cultura Gallega* (1936-1940), mensual dirixido por Adolfo V. Calveiro e Eladio Vázquez Ferro. Os anos da guerra civil española ecoan nas súas páxinas que, en 1937, ofreceron un amplísimo número extraordinario conmemorativo do primeiro Centenario de Rosalía de Castro, coa presenza de D. Ramón Menéndez Pidal como presidente dos actos oficiais.

Cómpre, en fin, unha especial mención a *La Tierra Gallega* (1894-1896) dirixida e fundada por Curros Enríquez. Resoa aquí o inicio da loita dos independentistas cubanos. Semanario rexionalista, posúe gran relevo literario-cultural e informativo. Publicou por entregas o poema épico *Os Galaicos*, de Florencio Vaamonde Lores e son numerosísimas as colaboracións do propio Curros Enríquez. As multas do Gobernador español da illa fixeron que esta publicación rematara cando ia polo número 147, o derradeiro da súa xeira.

Dende o punto de vista lingüístico, esta prensa está concebida e presentada en castelán e nesa lingua temos case todo o seu material informativo, sexan simples notas, crónicas ou artigos diversos. En galego son frecuentes os textos literarios, sobre todo os de carácter poético, pero tamén os contos ou as recompilacións de ditos e refráns. Foron especialmente memorables no literario os números de exaltación de Galicia que cada ano aparecían no 25 de xullo.

Pero, diariamente, os galegos de Cuba lian sobre todo o influente *Diario de la Marina*, que tiña gran prestixio e chegaba a calquera pun-

¹ X. Neira Vilas. *Índice da revista El Eco de Galicia* (A Habana, 1878-1900). Sada/A Coruña: do Castro, 1988.

² De *A Gaita Gallega*, *Cultura Gallega*, *La Alborada*, *La Tierra Gallega* ou *Galicia Moderna* existen edicións facsimilares publicadas ultimamente polo Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades (Xunta de Galicia, Santiago de Compostela).

to de Cuba, dirixido polo galego Nicolás Rive-ro. Informaba a diario do Centro Galego e non eran infrecuentes as colaboracións de autores galegos. Curros Enríquez chegou a ser redactor con sección propia daquel xornal.

Citemos, para rematar, algunhas publicacións de ámbito informativo máis concreto e restrinxido. Así, *El Centro* (1914) publicitou as actividades do Gran Teatro Nacional do Centro Galego; *La Voz del Alumno* (1935) e *El Secante* (1942) foron voceiras da tarefa docente do Plantel Concepción Arenal de ensino; *Loita* (1939) e *Lar* (1940) reflectiron a confrontación política entre as dereitas de «Unión y Defensa» e as esquerdas de «Hermandad Galega» no seo do mesmo Centro Galego; *Pro-Galicia* (1912) foi voceira da Federación Galaica de Sociedades de Instrucción e ocupouse de informar das escolas e do labor a prol do ensino en Galicia que propiciaba a Federación; *Vida Gallega* (1938-1954) era órgano informativo da Sociedade de Beneficencia de Naturales de Galicia dirixido por Antonio do Campo; *Rosalía* (1937), da delegación do Centro Galego en Santiago de Cuba, atendeu con asiduidade á problemática da muller, sobre todo en cuestións médico-sanitarias.

No ano 1973, o Instituto de Literatura e Lingüística da Habana —herdeiro da antiga Sociedade de Amigos do País— inauguraba unha exposición de libros galegos publicados en Cuba, que contou sempre cun importante número de imprentas⁷. Figuraban entre aqueles libros os poemarios *No desterro* (1913) —prologado por Basilio Álvarez— e *Vento mareiro* (1915), reveladores da primeira voz poética de Ramón Cabanillas, que residira na Habana entre 1910 e 1915. Colaborador das páxinas da revista *Suevia* (1910), Cabanillas cultivou o galego nos seus versos animado por Xosé Fontela Leal, bibliotecario do Centro Galego, fundamental impulsor da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega e posuidor dunha excelente biblioteca galega da que o seu fillo fixo doazón á Real Academia Galega. Cabanillas traballou na Habana como administrador do Gran Teatro Nacional, do que redactou os estatutos.

Dedicado por enteiro ó labor de prensa (fundou o *Diario de la familia*, 1894, e máis *La Tierra Gallega*, 1894, da que foi director, e ocupou o posto de redactor no *Diario de la Marina*). Curros Enríquez, que morreu na illa en 1908, escribiu apenas algúns poemas galegos nos seus anos de emigrante. Prologou os versos de *Soidades* (1894), primeiro poemario do seu amigo e admirador Manuel Lugris Freire, autor tamén da obra teatral *A costureira da aldea* (1895) e fundador, xunto con Ramón Armada Teixeira, do mensuario *A Gaita Gallega* (1885) xa citado. E prologou tamén Curros o poemario *Aturuxos* (1898), primeira contribución á lírica do ortigueirés Ramón Armada Teixeira, que en 1918 reunía en *Da Terraña* os seus tres libros poéticos escritos en Cuba. Vicepresidente do Centro Galego, Armada Teixeira, que ocupou postos de relevo na Cuba da república, triunfou no teatro coa peza *¡Non máis emigración!* (1886), «apropóseto lírico-dramático» con música de Felisindo Rego. Alfredo Fernández (literariamente Nan de Allariz) foi así mesmo gran amigo de Curros, do que se consideraba discípulo. Dos seus anos cubanos procede o poemario *Fume de palla* e na Habana estreou as súas obras teatrais *Recordos dun vello gaiteiro* (1904) e máis o «boceto de zarzuela» *O zoqueiro de Vilaboa* (1907).

No Plantel de ensino do Centro Galego aprendeu as súas primeiras letras Xosé Lesta Meis (1887-1930), que ademais de colaborar na prensa galego-cubana escribiu as súas novelas *Maneche o da Rúa* (1926) e *Estebo* (1927) onde figura o seu testemuño de emigrado en Cuba. Na narrativa salientou tamén Patricio Delgado Luaces (literariamente Xan de Masma) que deixou en *¡A besta!*, publicada por entregas no semanario *Follas Novas* entre 1899 e 1900, unha novela que acusa a pegada do naturalismo.

E tamén por entregas, no mesmo semanario, apareceu outra novela, *A campaña de Capricórneca*, de Luis Otero Pimentel (1830-1920), militar ademais de escritor, que tamén publicou na Habana o seu poemario *Mirand'oceo* (1898). En fin, noutro semanario, *La Tierra Gallega* (1894-96), dirixido por Curros En-

⁷ Boa parte dos libros e cabeceiras de prensa que aquí se citan saíron de imprentas da Habana como Avisador Comercial, Ruiz y H^{na}, Artística, La Universal, J. B. Cerdeira, Correspondenza, Rambla, Bouza y Cia, Úcar García e outras.

riqueza, temos o poema épico *Os Calaios*, de Florencio Vaamonde Lores, (axcitado imitador de Camões), que no seu poema, en catro cantos, exalta a valerosa defensa da Coruña contra os ingleses en 1589.

Outros nomes deben figurar neste capítulo de letras galegas en Cuba. Fuco G. Gómez, loitador do arredismo, publicou en 1937 unha rara novela, *O idioma dos animais* («opúscaro de enxebreza»), nun galego cheo de hiperenxebrismos. Avelino Chas reuniu en *Aturucos* (1895) un feixe de contos e poemas. Bernardo Bermúdez Jambrina, sinatura frecuente na prensa, ofreceu os seus versos galegos en *Renacimiento* (1913), un amplo poema de influo modernista. Ben pouco coñecido é aínda hoxe José Llerena y Braña, autor de *Recordos da aldea*, que debeu aparecer nas dúas primeiras décadas do S. XX. Pola súa banda, Pedro Vázquez Rábade deu o prelo en 1927 un non moi afortunado poemario, *Invisibles con o vento*. De carácter misceláneo e bilingüe é o libro de José Baña Pose titulado *Vindicación, vida y milagros de Pepe de Xan Baña* (1921?) onde temos algunhas apreciacións críticas sobre a figura de Curros.

Aínda que exceda algo o límite cronolóxico que nos propuxemos neste traballo, cómpre unha mención sequera ó xesuíta coruñés José Rubinos Ramos (1898-1963) que foi o último presidente da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega, director do Colexio Belén e capelán do Centro Galego. Poemarios como *Cantigas de piedade* (1961), *Cantigas de novo xeito vello* (1959), *Fabulas galegas pra os nenos grandes e pequenos* (1960) ou o poema épico *Covadonga* (1950) son mostras dun máis amplo labor literario no que a lembranza de Galicia, e a fe relixiosa e a infancia son motivos poéticos reiterados.

Os galegos de Cuba axudaron económica e matematicamente ó matrimonio Rosalía de Castro-Manuel Murguía. Rosalía, mito galego da emigración², editou na Habana os versos de *Follas Novas* (1880). As subvencións do Centro Galego per-

mitiron a publicación de varios volumes da vasta *Historia de Galicia* de Murguía (obra finalmente non rematada) e o seu opúsculo *El Regionalismo Gallego* viu a luz gracias á subscripción dos rexionalistas da Habana. As páxinas da prensa galega de Cuba están atecigadas de poemas de Rosalía e tamén de toda clase de artigos e escritos sobre a súa vida e obra.

Nas décadas das que falamos era frecuente o recitado e o canto (moitas veces con acompañamento musical) dos poemas. Por iso, este percorrido polos escritores galegos emigrados a Cuba quedaría incompleto sen polo menos a cita de ilustres músicos galegos que, coas súas composicións, animaron tantas e tantas veladas nas que ían misturadas música e literatura poética.

Cómpre aquí lembrar que, con letra de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga, foi entre os galegos de Cuba, no Gran Teatro da Habana, onde, en 1907, foi interpretado por vez primeira o Himno Galego, declarado himno oficial polo Centro Galego en 1908.

Non será inxusto conceder neste terreo un posto de privilexio a José Castro González «Chané», o popular e querido «maestriño», inesquecible director do orfeón Ecos de Galicia, que fixo historia coas súas actuacións no Centro Galego. E, xunto con «Chané», José Guede Rodríguez, director da coral Saudade é impulsor da Ópera Nacional de Cuba; Francisco Rodríguez Carballés, director da Rondalla do Centro Galego; Ricardo Fortes Alvarellos, Sinesio Fraga Vila, José Fernández Vide, Emilio Guede Rodríguez, Joaquín Zon, Antonio Rodríguez Álvarez ou José Requejo. Incontables pezas de poesía popular xunto con cancións ou poemas de Rosalía, Curros, Cabauillas, Noriega Varela, R. Fernández Mato, Enrique Zas, Bermúdez Jambrina, Xulio Sigüenza ou José Rubinos integraron un repertorio poético-coral-musical que, con toda seguridade, levou ó corazón dos galegos de Cuba o máis puro e fondo sentimento da súa terra, Galicia.

² Xosé Neira Vilas, *Rosalía de Castro e Cuba*, Santiago de Compostela: Padroado Rosalía de Castro, 1996.